

Estimadas familias,

Como ben saben polos medios de comunicación, a Xunta de Galicia tomou o día 12 de marzo a decisión de **pechar a partir do luns 16 os centros educativos durante 14 días**, como medida preventiva para frear o avance do coronavirus.

As medidas adoptadas, concrépanse nas seguintes:

- Suspensión de todo tipo de actividade lectiva regulada en todos os centros de ensino non universitario. Esta suspensión inclúe tamén os servizos educativos complementarios, nomeadamente, o comedor, transporte e servizo de madrugadores, con independencia de quen sexa o organizador dos devanditos servizos.
- Suspéndense no ámbito educativo todas as viaxes de estudos, excursións, ou calquera tipo de desprazamento de grupos de alumnado ou de profesorado.
- Suspéndense no ámbito educativo todo tipo de festivais, galas ou actividades que impliquen a reunión de alumnado.
- O profesorado programará nas páxinas web dos centros ou por outros medios telemáticos, accesibles ao seu alumnado, actividades xenéricas relacionadas cos contidos curriculares para que o seu alumnado as poida realizar no seu domicilio, e fará o seu seguimento, pero non terán carácter de avaliábeis.

E importante que se comuniquen co centro si os seus fillos ou fillas non contan con ferramentas axeitadas.

- Para o alumnado de 2º de Bacharelato o profesorado adoptará todas as medidas específicas necesarias (telemáticas) para garantir de forma non presencial a continuidade das actividades lectivas dos contidos curriculares.

O 13 de marzo de 2020, a consellería fixo unha concreción das medidas a adoptar en relación co proceso de admisión.

- Amplíase provisionalmente o prazo de presentación telemática e presencial de solicitudes de admisión que finalizará 1 semana despois do reinicio das clases.

Recoméndase a utilización preferente da modalidade telemática para a presentación das solicitudes

Recomendase usar as canles oficiais para informarse (páxina web do centro e da consellería) evitando alarmas e rumores.

Mantendo un comportamento responsable e seguindo os consellos das autoridades sanitarias frearemos a expansión do virus.

A dirección.